

**SECRETARÍA XERAL**  
**Xestión de Xuntas de Goberno**  
**2018/G007/000027**

**A/O SECRETARIA/O, DO CONCELLO DE ARTEIXO (A CORUÑA)**

**CERTIFICA:**

Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada o xoves 21 de xuño de 2018, adoptouse, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

**"2. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DENOMINADA REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO DESTINADO A CENTRO SOCIAL EN BARRAÑÁN.-**

**ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

**Exp: 2018/C003/000018**

Dº José Ramón Amado de la Fuente Concelleiro da ÁREA DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS formula a seguinte:

**PROPOSTA**

Dase conta da necesidade da contratación da obra nomeada **"REFORMA E AMPLIACIÓN DO EDIFICIO DESTINADO A CENTRO SOCIAL EN BARRAÑÁN"** emíttese o seguinte:

Consta no expediente memoria de xustificación da necesidade da obra realizada polo Concelleiro da Área de Obras e Servizos Municipais de data 24 de maio de 2018 CVD: A3R49ljzm0RegfBxfjlo no que se describe a necesidade da Administración coa que se pretende dar satisfacción mediante a contratación da obra, a elección do procedemento de licitación e os criterios de solvencia e os que se teñen en consideración para a adxudicación do contrato. Consta asimesmo memoria de necesidade emitida polo Departamento de Servizos Sociais deste Concello con data 23 de maio de 2018.

Consta informe de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto técnico municipal don Julio Amieiro Gómez con data 25 de maio de 2018 CVD: +sl+fRCWUAv36Osy5H6c, acta de replanteo da mesma data CVD: hPgDG9M4+/sOPk1/Dbik, e informe xurídico asinado polo técnica de administración xeral Carmen del Río Rodríguez, conformado pola Secretaria Xeral Dª. María Esther Álvarez Martínez. CVD: VYkqd/Erlt01+9wlq/d2

Á vista do exposto, remítase o expediente correspondente ao devandito contrato e propónse á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o contido íntegro do expediente de contratación da obra nomeada "REFORMA E AMPLIACIÓN DO EDIFICIO DESTINADO A CENTRO SOCIAL EN BARRAÑÁN" cun orzamento de execución por contrata de **239.936,45 € IVE** incluído (21%).

**SEGUNDO.-** Declarar e dispoñer a apertura do procedemento de contratación por aberto para a selección da oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, por ser este o procedemento ordinario de acordo co artigo 131.2 e resultar posible acudir a unha multiplicidade de criterios de acordo co artigo 145 da citada norma.

**TERCEIRO.-** Aplicar a presente contratación prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán a contratación mediante procedemento aberto. Os criterios de puntuación escollidos responden o mandato de eficiencia no gasto público e a obtención de maiores calidades no resultado da prestación.

**CUARTO.-** Aprobar o gasto con cargo á aplicación correspondente do orzamento vixente por importe de **239.936,45 € IVE** incluído (21%).

**QUINTO.-** De conformidade co establecido na Disposición Adicional Terceira da LCSP, e vista a composición da Mesa de Contratación designar como vocal técnico ao arquitecto técnico municipal don Julio Amieiro Gómez no presente expediente de contratación.

**SEXTO.-** Proceder a publicación dos anuncios correspondentes ao presente expediente de contratación no perfil do contratante do Concello de Arteixo.

**SÉTIMO.-** Facultar ao concelleiro de obras e servizos tan amplamente como sexa necesario para a execución de todo o relacionado co presente acordo.

**OITAVO.-** Designar como responsable do contrato á Dirección Facultativa.

Asdo.- José Ramón Amado de la Fuente  
CONCELLEIRO DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS  
Por delegación, Decreto 1336/2015

\*\* Polo Secretario Acctal., dase conta que obran no expediente os seguintes informes:

- Informe de fiscalización con resultado favorable emitido pola Interventora Municipal, D<sup>a</sup> María del Rosario Vázquez Fernández, en data 14 de xuño de 2018 (CVD: Au6SAqPzAVLAamDN4eA/).

- Informe xurídico complementario de corrección de erro material padecido no informe anterior, asinado pola Técnico de Administración Xeral, D<sup>a</sup> Carmen del Río Rodríguez de data 05 de

xuño de 2018 e conformado polo Secretario Accidental, D. Pablo Seoane Cancelo, en data 11 de xuño de 2018 (CVD: LLKmfSzhk/WxWGCOWZMs).

Visto o anterior, e considerando que a adopción deste acordo é competencia desta Xunta de Goberno Local en virtude das delegacións efectuadas polo Alcalde deste Concello, mediante decreto 1423/2015 de data 17/07/2015, a Xunta de Goberno Local, en VOTACIÓN ORDINARIA e por UNANIMIDADE DOS/AS PRESENTES, acorda prestar aprobación aos acordos transcritos na proposta que se deixa reflectida."

E para que así conste, expido a presente, ao amparo e coa salvedade prevista no art. 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais e a resultas do Texto definitivo da Acta, de orde e co visto e prace da Alcaldía-Presidencia.

Asdo dixitalmente.- Carlos Calvelo Martínez (ALCALDE-PRESIDENTE)

Asdo dixitalmente.- María Esther Álvarez Martínez (SECRETARIA XERAL)